



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 2 DE MARZO DE 2017**

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte horas do día dous de marzo de dous mil dezasete, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os sres. concelleiros: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledo; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Pilar Martínez Troncoso; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D<sup>a</sup> Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Actúa como Secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo.

### **1º.- ACTA ANTERIOR.-**

Dase conta á Corporación da acta de sesión anterior, correspondente á ordinaria celebrada con data 31 de agosto de 2016.

Pola Sra. Peña Muñiz indícase que quere realizar matizacións na redacción do punto 4º e que as pasará por escrito.- A Alcaldía indica que en tal caso quedará pendiente de votación ata unha próxima sesión.

### **2º.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO E ORDENANZA FISCAL DA ESCOLA DE OCIO E TEMPO LIBRE E DE VERÁN.-**

Toma a palabra a Sra. Rey Pérez para explicar que o Regulamento da Escola de Ocio e Tempo Libre do Concello de Ribadumia recolle como horario de funcionamento de luns a venres (excepto festivos) de 16:200 horas durante o curso escolar e de 8:00 a 15:00 horas en período de vacacións estivais.- Que confin de seguir facilitándolles ós pais traballadores a conciliación familiar e laboral, este horario xeral adecúase durante o período das vacacións escolares, pasándose a desenvolverse de 8 a 14 horas, horario que non está recollido no regulamento.

Ademáis disto, os usuarios do Plan Madruga que desenvolve o Concello solicitaron en varias ocasións a posibilidade de que se lles permita acceder durante o período das vacacións escolares de Nadal á Escola de Ocio e Tempo Libre por non ter con quen deixar os nenos ó suspenderse o Plan Madruga por non haber clases.

Para recoller esta petición e incluír a modificación horaria, propónse a modificación do regulamento e da ordenanza da Escola de Ocio e Tempo Libre e de Verán no seguinte:



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Modificación do **Regulamento** da Escola de Ocio e Tempo Libre e de Verán, que quedaría redactado da seguinte forma:

*Artigo 2. Funcionamento:*

*A Escola de Ocio e Tempo Libre desenvolverase no seguinte horario:*

- *De luns a venres (excepto festivos), de 16:00 a 20:00 horas durante o curso escolar.*
- *De luns a venres (excepto festivos) de 08:00 a 14:00 horas, durante as vacacións escolares (Nadal, Entroido e Semana Santa)*

*A Escola de Verán desenvolverase durante o período de vacacións estivais de luns a venres (excepto festivos) de 08:00 a 15:00 horas*

*Artigo 4. Tramitación de acceso ós servizos. Inscripcións:*

*(...)*

*Durante o curso escolar poderanse recoller inscricións en calquera momento, sempre que haxa prazas disponibles.- En concreto os usuarios do Plan Madruga que se queiran acoller a este servizo durante as vacacións de Nadal deberán cubrir simplemente a folia de inscrición e pagar a taxa correspondente, quedando únicamente a súa admisión supeditada a que haxa prazas disponibles.*

*(...)*

Modificación da **Ordenanza Fiscal** Reguladora da Taxa da Escola de Ocio e Tempo Libre e de Verán, que quedaría redactado da seguinte forma:

*"Artigo 5º.-*

*Tarifas e períodos de cobro:*

- *Por cada participante na **Escola de Ocio e Tempo Libre:***
  - *Durante o curso escolar..... 30 €/ mes*
  - *Nos meses de xuño e setembro..... 20€/ mes*
  - ***Vacacións de Nadal** (só para usuarios do Plan Madruga).... **20 €***
- *Por cada participante na **Escola de Verán***
  - *Os meses de xullo e agosto..... .. 45€/ mes*
  - *Os meses de xuño e setembro ..... 20 €/ mes*

***Deducións no importe:***

*Os importes anteriores reduciránse polos seguintes conceptos, quedando fixada da seguinte maneira:*

- *Participación de **máis de 2 nenos** dunha mesma unidade familiar na **Escola de Ocio e Tempo Libre** (curso escolar):*
  - *20€/mes por cada un dos irmáns participantes na actividade.*
  - *15€ mes por neno nos meses de xuño e setembro*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*15 € por neno nas vacacións do Nadal (só usuarios do Plan Madruga)*

- *Participación de **máis de 2 nenos** dunha mesma unidade familiar na **Escola de Verán** (vacacións escolares)*

*-Os meses de xullo e agosto, 30 €/mes por cada un dos irmáns participantes.*

*- Os meses de xuño e setembro, 18 €/mes por cada un dos irmáns participantes.*

A Sra. Rey Pérez dí que trátase de mellorar o servizo e que isto amplía as modificacións xa feitas por este goberno de incrementar o servizo os meses de xuño e setembro.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e dí que en quince meses houbo tres modificacións da Escola de Ocio e do Plan Madruga.

Que hai que sentarse e estudar hacia dónde se quere ir; que o P.P. puxo en funcionamento o servizo hai moitos anos; que Ribadumia foi pioneiro neste tipo de servizos e dende que comenzou non se modificou porque funcionaba ben e non foi necesario; que hai que adaptalo ós novos tempos; que é para os país que traballan, pero ó mellor tamén se pode enfocar algunhas prazas para os que non traballan, para facilitar a busca de emprego, ou outras opcións posibles; que se estudie detidamente e se sepa qué enfoque se lle quere dar.-

Que non se recolle o que xa dixeron noutras ocasións; que o seu grupo xa solicitou que os meses de verán a cuota fora de 30 euros como era anteriormente e non de 45 euros.

En resumo, que se faga un estudio máis serio do servizo, das necesidades e do seu funcionamento.

Fae uso da palabra a Sra. Martínez Troncoso e aclara que non se modificou tres veces en quince meses, senon que se modificou a Escola de Ocio dúas veces e unha o Plan Madruga.

A Sra Peña dí que ela dixo que houbo tres modificacións dos dous servizos (en novembro de 2015, en marzo de 2016 e hoxe)

Toma a palabra novamente a Sra. Rey Pérez e dí que froito de reunións e valoracións das demandas dos usuarios e sempre que supoña unha mellora do servizo non lles importa modificalo as veces que sexa necesario, xa que o importante é cubri a demanda.-



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Continúa dicindo que a Sra. Peña critica as bases, pero dende que o actual equipo de goberno está ó fronte se fixeron melloras: se ampliou ós meses de xuño e setembro a Escola de Ocio e agora se amplía ó período de Nadal.- Dí que si houberan críticas ou queixas do servizo non se tería incrementado tanto o número de alumnos e dí que se fixeron unhas enquisas e se valorou favorablemente o mesmo.-

A Sra. Peña dí que non está en contra do servizo nin de que se ampliara ós meses de xuño e setembro, senon que está en contra das taxas aplicadas e que si hai que estudar se é necesario aprobar un novo regulamento e non modifícalo tres veces (incluíndo a Escola de Ocio e o Plan Madruga)

O Sr. Alcalde manifesta que se mellorou o servizo e se cuantificou e valorou esta mellora polos usuarios (e se acaban de leer os resultados); foi un acerto as modificacións realizadas pola calidade do servizo e ampliación do mesmo; que é positivo que se fagan as modificacións que sexan necesarias para atender as demandas dos usuarios.-

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor e seis abstencións (P.P.) acorda:

PRIMEIRO.- Modificar os artigos 2 e 4 do Regulamento da Escola de Ocio e Tempo Libre e Escola de Verán que queda redactado do teor literal seguinte:

*Artigo 2. Funcionamento:*

*A Escola de Ocio e Tempo Libre desenvolverase no seguinte horario:*

- *De luns a venres (excepto festivos), de 16:00 a 20:00 horas durante o curso escolar.*
- *De luns a venres (excepto festivos) de 08:00 a 14:00 horas, durante as vacacións escolares (Nadal, Entroido e Semana Santa)*

*A Escola de Verán desenvolverase durante o período de vacacións estivais de luns a venres (excepto festivos) de 08:00 a 15:00 horas*

*Artigo 4. Tramitación de acceso ós servizos. Inscripcións:*

*(...)*

*Durante o curso escolar poderanse recoller inscricións en calquera momento, sempre que haxa prazas disponibles.- En concreto os usuarios do Plan Madruga que se queiran acoller a este servizo durante as vacacións de Nadal deberán cubrir simplemente a folla de inscrición e pagar a taxa correspondente, quedando únicamente a súa admisión supeditada a que haxa prazas disponibles.*

*(...)*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

SEGUNDO.- Modificar o artigo 5º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa da Escola de Ocio e Tempo Libre e Escola de Verán, que queda redactado do seguinte xeito:

"Artigo 5º.-

*Tarifas e períodos de cobro:*

- Por cada participante na **Escola de Ocio e Tempo Libre:**
- Durante o curso escolar..... 30 €/ mes
- Nos meses de xuño e setembro..... 20€/ mes
- **Vacacións de Nadal** (só para usuarios do Plan Madruga).... **20 €**
  
- Por cada participante na **Escola de Verán**
- Os meses de xullo e agosto..... .. 45€/ mes
- Os meses de xuño e setembro ..... 20 €/ mes

**Deducións no importe:**

*Os importes anteriores reduciránse polos seguintes conceptos, quedando fixada da seguinte maneira:*

- Participación de **máis de 2 nenos** dunha mesma unidade familiar na **Escola de Ocio e Tempo Libre** (curso escolar):
  - 20€/mes por cada un dos irmáns participantes na actividade.
  - 15€ mes por neno nos meses de xuño e setembro
  - 15 € por neno nas vacacións do Nadal (**só usuarios do Plan Madruga**)
  
- Participación de **máis de 2 nenos** dunha mesma unidade familiar na **Escola de Verán** (vacacións escolares)
  - Os meses de xullo e agosto, 30 €/mes por cada un dos irmáns participantes.
  - Os meses de xuño e setembro, 18 €/mes por cada un dos irmáns participantes.

TERCEIRO.- Que se expoña ó público o presente acordo polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e

CUARTO.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no Boletín Oficial de Pontevedra.



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

### **3º.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DA FESTA DO TINTO DO SALNÉS E DA EXALTACIÓN DAS VARIEDADES AUTÓCTONAS COMO FESTA DE INTERESE DE GALICIA.-**

Toma a palabra a Sra. Moimenta Otero e da conta da proposta para a solicitude de declaración da Festa do Viño Tinto do Salnés e da Exaltación das Variedades Autóctonas como Festa de Interese Turístico de Galicia, ó abeiro do decreto de 4 de xaneiro de 2015, polo que se regula dita declaración e que establece que *"a Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festa de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico", e que cumpran os requisitos que se indican na mesma".*

Indica que ten unha antigüidade de máis de 20 anos: este ano é a XLV edición, ven celebrándose anualmente o primeiro fin de semana de xuño; ten aspectos orixinais e de calidade que a singularizan respecto doutras semellantes e reflicte un dos aspectos máis importantes da zona; ten un gran arraigamento popular e participación da poboación local, á vista do gran número de participantes, tanto de adegueros como de asistentes e visitantes a todos os actos da festa; realízase unha gran divulgación e promoción da festa en medios audiovisuais, mediante participación en feiras e outros medios; a festa xira ó redor do viño como elemento cultural e social da zona.

Da asimesmo conta dos criterios a ter en conta para a declaración da festa como de interese turístico de Galicia que se establecen no artigo 4 do Decreto 4/2015 de 8 de xaneiro e que enténdese que cumpre a festa para a súa valoración.- Asimesmo resalta a importancia e efectos que suporía tal declaración, tales como recibir axudas e subvención da Xunta, ser incluída nas accións de promoción que puidese realizar a Xunta, e planificar inversións materiais que melloren e beneficien a festa.

En resumo, e dado os beneficios que se podería obter para a súa promoción e para os veciños de Ribadumia é polo que se solicite se adopte acordo para a solicitude de declaración da Festa do Viño Tinto do Salnés e da Exaltación das Variedades Autóctonas como Festa de Interese Turístico de Galicia.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para indicar que está de acordo en que se solicite; que xa se solicitou hai anos e veu denegada; que espera que agora os criterios sexan máis flexibles e acepten a solicitude polas melloras que conleva.

O Sr. Alcalde manifesta que entende que a festa necesita un impulso e unha das mellores maneiras e que sexa declarada de interese turístico; que esta festa é un referente na comarca e en toda a provincia e hai que tentar darlle máis repercusión a nivel de Galicia e nacional; que sería beneficioso para os viticultores e para as familias.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Iniciar o expediente de solicitude de declaración da Festa do Viño Tinto do Salnés e da Exaltación das Variedades Autóctonas como festa de interese turístico de Galicia, aprobando expresamente esta solicitude.

2º.- Que se realicen todos os trámites necesarios de cara a completar a memoria explicativa esixida na que se xustifiquen todos os requisitos esixidos, así como a recompilar toda a información gráfica que se considere oportuna para apoiar a petición.

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para a execución do presente acordo e realizar os trámites oportunos para levalo a efecto.

#### **4º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN E AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DA XESTIÓN DA CAFETERÍA DO CAMPO DE FÚTBOL "A SENRA" A FAVOR DO C.D. RIBADUMIA.-**

O Sr. Alcalde da conta do borrador do Convenio de colaboración e autorización para a cesión da xestión da cafetería do campo de fútbol de "A Senra" a favor do C.D. Ribadumia.

Indica que pasouse hoxe unha modificación do borrador porque a directiva reuniuse o luns e onte presentaron un escrito no que solicitaban algunhas modificacións ó borrador inicial; se fixo algunha modificación e pola tarde volveron a reunirse os membros da directiva.

Que é un convenio para axudar dalgunha forma economicamente ó club e preténdese que se asine con consenso total a ser posible.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para dicir que se trae o convenio á consideración do Pleno e, polas explicacións dadas, parece que non existe acordo total, e pregunta se hai acordo tal e como está redactado agora.-

O Sr. Alcalde dí que terá que manifestar a opinión do seu grupo, que necesita coñecer se hai algo que quera incluír máis ou se lle parece adecuado tal e como está redactado.

A Sra. Peña continúa dicindo que para debatilo eles teñen que saber se está de acordo o club; que a ela se non hai acordo non lle parecerá adecuado, se non de nada servirá.



**ILMO. CONCELLO**  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

O Sr. Alcalde contesta que como grupo da Corporación debería decir que lle parece, independentemente do que diga o Club.

Que este Convenio polo que se cede a xestión da cafetería é importante para o Concello; que apoia ó deporte en xeral e ó club en particular; que todos coñecen as dificultades económicas que teñen as entidades deportivas, neste caso; que naceu para axudar economicamente ó club; que o equipo de goberno está moi sensibilizado co deporte e co club e por eso consideran importante chegar a un consenso.-

Que houbo diálogo e teñen claro que hai que axudar ó club.- Redactouse un convenio e se recolleron tódolos puntos que puidera haber e se lles pasou un primeiro borrador para que fixeran puntualizacións que puideran ser razoables e todas están recollidas; que hoxe pola tarde aínda se falou do tema da limpeza; cambiar seis meses por un ano no punto 8º; e chegouse a un acordo nesas temas.-

Que só hai un punto do convenio (o punto 2º ó que da lectura novamente) que é o relativo á vixencia que o presidente do club solicita que se faga por 25 anos ou de forma indefinida, pero tal e como está recollido e se cumpren as condicións practicamente xa se considera indefinido.- Que é difícil recoller a 25 anos; que os gobernos municipais e as xuntas directivas do club teñen que ser responsables.-

En resumo, esta tarde pechouse o acordo e só queda ese parágrafo por consensuar, aínda que dalgunha maneira está recollida a petición.

Dí que el é socio e entende que ten que ser un convenio que sexa o mellor para o club e o concello, pero que implícitamente xa se recolle a petición.-

O Sr. Alcalde permite que faga uso da palabra o Sr. Vázquez Ruibal, presidente do Club Ribadumia que está presente na sesión.

O Sr. Vazquez Ruibal dí que é certo que hai boa intención por parte de todos de colaborar co club e co deporte; que quere deixar constancia que o Concello non lle cede ó club ningún local municipal, xa que esta cafetería creouse unicamente co fin de axuda economicamente ó club; que eles entenden que a cesión deste local debería ser indefinida mentras o club exista e se cumplan as cláusulas; que o artigo que a modificación se poderá levar a cabo sempre que ambas partes estén de acordo; e pregunta qué pasaría se ambas partes non están de acordo, por exemplo se non está de acordo o Concello quen garante que non se van a modificar as cláusulas, que agora non o poden garantir igual que o club non pode garantir que vaian a cumprirse a cláusulas e por eso pensa que se deber poñer simplemente que a cesión sexa indefinidamente mentras exista o club e se cumpran as normas que se pactan.- Que o artigo 2 non está claro e se pode interpretar de varias formas; que teñen dúbidas.- Que él non quere que lle digan que non estivo ben negociado o convenio ou que tiña que haber pelexado máis polo beneficio do club.





**ILMO. CONCELLO**  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

O Sr. Alcalde insiste en que foi moi claro; que tentouse chegar ó máximo acordo e que se trata de apoiar ó deporte e o equipo de goberno foi sensato e moi flexible na redacción do convenio; e que os termos do convenio están suficientemente claros.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para manifestar que vota de menos que hoxe se veña a debatir o convenio e non veña máis estudiado e pechado por ambas partes: que se lles pasou un borrador para a comisión informativa e se cambiou; que xa manifestaron que apoiarían a aprobación se ambas partes estaban de acordo e agora aínda parece que hai algunha discrepancia; que efectivamente a cafetería creouse para axudar ó club e quere lembrar que ese proxecto foi aprobado e financiado por goberno do Partido Popular e xa figuraba que a cafetería ía a ser para o club e só estaba pendente de asinar un convenio e ver en qué condicións se lle cedía.

Que o P.P. vai a apoiar o convenio se é que hai acordo e queren deixar constancia que este xa se podía ter asinado fae un ano se as obras da cafetería non tiveran un ano de retraso e o club xa podería estar obtendo uns ingresos por este concepto; que antes de tralo a Pleno tería que estar máis avanzadas as cláusulas e non tralo con este tipo de dúbidas ou cuestión.

Volve a tomar a palabra o Sr. Alcalde para decir que xa levan tempo dialogando co club e chegando a acordos; que o que parece é que a portavoz do P.P. non se quere mollar nada nin tampouco fae anotacións ou suxerencias; que hai que ser máis responsable; que en realidade non dixo nada do convenio nin aportou nada.-

Dí que está facendo insinuacións que lle preocupan que as diga como responsable do grupo do Partido Popular; que se ela houbera sido responsable cando gobernou sí que podería estar terminado antes, que foi unha irresponsable política e non había proxecto para poder levar a cabo esa cafetería, tal e como está, e esa ampliación; e coa segunda ampliación houbo que redactar un novo proxecto porque era deficiente; e este equipo de goberno documentou a situación, redactou un novo proxecto e houbo que rescindir o procedemento de licitación que estaba en marche e houbo que facer un novo procedemento, unha vez que se contou co novo proxecto, e todo iso é responsabilidade dela e é o que ten que saber todos o veciños e todos os socios do Club.

Remata dicindo que o equipo de goberno quere que o Club poida disfrutar das instalacións porque lle recoñecen o traballo que está a facer, e hai boa vontade por parte de todos e está comprometido co fútbol e co club.

O Sr. Serantes Alvarez pregunta que qué equipo porque todos saben que algún membros opuxeronse ó proxecto.

A Sra. Peña pregunta se pode intervir novamente e o Sr. Alcalde contesta que xa está suficientemente debatido o asunto.

Tralas deliberacións sométese o asunto a votación e o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

1º.- Prestarlle aprobación ó "Convenio de colaboración e autorización para a cesión da xestión da cafetería do campo de fútbol de "A Senra" a favor do Club Deportivo Ribadumia", nos termos que constan no mesmo:

2º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do convenio e execución do presente acordo.

### **5º.- ORDENANZA SOBRE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA.-**

Toma a palabra o Sr. González Ledo e explica que esta Ordenanza redactouse en virtude do disposto na Lei de Ruído Lei 37/2003, de 17 de novembro e, en especial, do seu desenvolvemento regulamentario que é o R.D. 1038/2012, e o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, que establece a necesidade de que os concellos regulen mediante ordenanza esta materia, e como neste concello non existía, pois en base a esta normativa procedeuse á súa redacción.-

Da conta moi resumida do obxecto da ordenanza e do ámbito de aplicación; resalta que o que pode preocupar máis ó respecto é o tema das sancións en caso de incumprimento e que se tratou de fixar os importes mínimos establecidos pola normativa, xa que non se trata dunha ordenanza con carácter recadatorio, senon que ten coma obxectivo a protección contra a contaminación acústica (da conta dos tipos de infraccións e das posibles sancións).

Quere tamén resaltar que os locais que resulten afectados por esta ordenanza e teñan que instalar medidores ou rexistradores ou que non cumpran outros aspectos da ordenanza, terán un ano para adaptarse á mesma, aínda que a maioría dos concellos están regulando un prazo de tres meses de adaptación.

A Sra. Peña Muñiz manifesta que o seu grupo está de acordo con esta ordenanza que ten por finalidade regular a contaminación acústica e protexer a calidade de vida dos veciños; que a mesma se basa na normativa autonómica e están de acordo.

O Sr. Alcalde dí que o Concello é responsable de regular e controlar o nivel de rúidos; que tentouse ser sensible coas empresas e locais e tratouse de ser o máis prudente posible e dar o máximo tempo de adaptación á norma, e as sancións ó mínimo posible.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

PRIMEIRO.- Aprobar a Ordenanza municipal sobre Protección contra a Contaminación Acústica no Concello de Ribadumia, que consta no expediente.

SEGUNDO.- Que se expoña ó público o presente acordo polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e

TERCEIRO.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra a mesma considerárase definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no B.O.P.

### **6º.- CONVENIO PARA A COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DO TROFEO CONCELLO DE RIBADUMIA DE FÚTBOL.-**

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso para informar sobre o Convenio para a coordinación e organización do Trofeo Concello de Ribadumia de Fútbol, indicando que se trata de recoller as características dun trofeo que se ven celebrando e non se recollía en ningún documento as características e pautas a seguir dos colaboradores (Clubs e Concello).- E un acordo consensuado e incluso recolleuse, en parte, unha proposta realizada polo P.P. na Comisión Informativa.

O datos básico do convenio son que a data de celebración sería o 15 de agosto, ou o fin de semana anterior ou posterior; se organizaría alternativamente polos Clubs CD Ribadumia e Umia C.F. en colaboración co Concello; o Concello faríase cargo da cartelería, dos trofeos e do ágape que se realiza trala final do torneo e colaborará cos Clubs na difusión e publicidade do evento.- Respecto o pago das arbitaxes do torneo indica que o P.P. propoñía que o Concello se fixera cargo de tódalas arbitaxes do torneo e o equipo de goberno pensa que facerse cargo de todas pode resultar discriminatorio xa que é cada un dos clubs os que elixen o sistema de torneo (triangular, a partido único, en varias xornadas...) e para que non haxa diferencias, a arbitaxe da final do torneo a asumirá o Concello e os custes das demais arbitaxes, independentemente do sistema de torneo que se realice, a asumirá o club organizador, como ata de agora (ata de agora o club viña pagando tódalas arbitaxes).- No caso de que os clubs declinen participar na organización do trofeo o Concello poderá asumir a súa organización, fixando a data e quedando a súa disposición calquera dos campos municipais, se ben optárase por aquel que corresponda segundo a alternancia establecida.

Os clubs poderán organizar alternativamente o Torneo: elixir os equipos a participar, o sistema de torneo, pagan as arbitaxes (excepto a final), teñen que atender os equipos, é responsable do mantemento e limpeza das instalación... e, por outro lado, teñen dereito a recadación que se puidera obter por distintos conceptos: taquilla, rifas, cantina ou semellantes.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e dí que este convenio é para organizar o torneo, que nunca foi necesario ter o convenio xa que sempre houbo bo entenedemento e agora o goberno ten que ter o convenio para que non haxa discrepancias; aclara que o P.P. propuxo que o Concello se fixera cargo de tódalas arbitrxes e admitiuse a súa proposta so en parte.-

A Sra. Martínez Troncoso dí que durante 24 anos os clubs estiveron facéndose cargo de tódalas arbitrxes xa que no Concello non constan facturas de ditas arbitrxes, e agora o P.P. proponía que se pasara de non pagar ningunha a pagalas todas, e xa explicouse o motivo de non aceptala na súa totalidade.-

O Sr. Alcalde dí que aínda que haxa bo entenedemento cos clubs o mellor é documentalas cousas; que hai consenso cos clubs e o mellor é que se recolla por escrito e así xa queda definido nun futuro; eles consideran unha irresponsabilidade non ter o convenio antes; incide en que durante 14 anos ela non pagou ningunha arbitrxes e agora se van a pagar as da final (que os veciños interpreten); esas son as formas que está a utilizar a oposición.

Tralas intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: Presatar aprobación ó Convenio para a Coordinación e Organización do Trofeo Concello de Ribadumia de Fútbol, na forma en que está redactado:

### **7º.- DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO COMO PARCELA SOBRENTE.-**

Polo Sr. Alcalde infórmase que o que se pretende é adoptar acordo de desafectación dun tramo dun antigo camiño que figuran nos plans de concentración parcelaria e que só dá servizo ás dúas parcelas colindantes ó mesmo, se ben non figura no PXOM.-

Indica que dende o ano 2001 víñase presentado escritos por D. Cándido Martínez Soutullo pola construción dun galpón que, segundo o interesado, invadiría, en parte dicho camiño, tendo acudido ó Xulgado do Contencioso Administrativo.

Da conta que no expediente constan informes contradictorios sobre a existencia ou non do camiño e se o mesmo, no seu caso, se atoparía no Concello de Ribadumia ou no de Meis e sobre a natureza privada ou non do mesmo.

Engade que dada a complexidade do asunto, chegouse a un acordo cos propietarios colindantes co fin de desafectar o posible camiño e calificalo como parcela sobrente de vía pública e proceder á súa adxudicación ós colindantes, previa tramitación do expediente correspondente.

Por tal motivo propónse iniciar o expediente de desafectación que, posteriormente exporase ó público e notificalo ós colindantes para posteriormente dar



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

conta á Xunta para o seu coñecemento e adoptar acordo definitivo de desafectación e valoración da parcela sobrante e á súa adxudicación.

A Sra. Peña Muñiz dí que efectivamente este asunto ven denda hai moitos anos e agora alégrase que se chegue a este acordo e que se leve a cabo a desafectación e que este sexa paralelo á paralización da orde xudicial de demolición parcial.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º Inicialo expediente para a desafectación de bens de dominio público, dun tramo de posible camiño, no lugar de Gándar na parroquia de Barrantes, sito entre as fincas nº 667 e 668 do polígono 4 de Barrantes e outra que non entrou na concentración e que ten referencia catastral 9655701NH1095N0001IP, cunha superficie aproximada de 102 m2.-

2º Que se remita notificación ós veciños colindantes e se expoña ó público por espacio dun mes a efectos de presentación de alegacións.

3º Que se remita o expediente ó organismo competente da Comunidade Autónoma para que emita o preceptivo informe, e se proceda á resolución do mesmo e posterior enaxenación á solicitante.

### **8º.- ORDENANZA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE LICENCIAS.-**

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso para dar conta da "Ordenanza para a simplificación administrativa no Concello de Ribadumia, reguladora da Tramitación das declaración responsables no desenvolvemento de Actividades e a realización de obras" e indica que esta ordenanza que se trae a Pleno ten a súa base nun decreto da Xunta de Galicia, o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, cuxo obxectivo, así como o da ordenanza que se somete a aprobación é o de axilizar o procedemento adminsitrativos para a concesión de licencias de actividades e obras menores.- Suprímese as licencias a necesidade de obter a licencia municipal de actividade, en determinados casos (evidentemente non abrangue tódalas actividades) e substituir esa licencia polo que se denomina modelo de comunicación previa.-

Dí que ó ámbito de aplicación ó para aqueles servizos, actividades, instalación e obras ligadas ó acondicionamento de locais que non precisen da redacción dun proxecto técnico de obra segundo á lei 38/1999 de 5 de novembro, que atinxan a locais situados en edificacións que contén con licencia de primeira ocupación ou que se atopen legalmente acondicionados e se refiran a usos permitidos ou compatibles



**ILMO. CONCELLO**  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

segundo o PXOM en vigor (apertura de comercios polo miúdo, en establecementos permanentes, para o exercicio de actividades económicas, empresariais, profesionais, industriais, comerciais e á apertura dos establecementos adicados a tales actividades, así como á organización e desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas e á apertura de establecementos públicos adicados a este tipo de actividades.

O que fae é que a responsabilidade é das persoas que faen esas obras; un dos artigos recolle as persoas que son responsables e de qué é responsable cada unha: así por exemplo os técnicos que asinan a documentación técnica fanse responsable da calidade e de axustarse ás normas que sexan aplicables ou, por exemplo, a dirección facultativa é responsable de que a execución da obra se corresponda coa documentación que presentaron e os promotores son responsables durante o desenvolvemento das actividades do cumprimento das determinacións contidas na documentación técnica consonte á que foron concedidas as licencias ou á documentación presentada coa comunicación previa ou declaración responsable e o servizo técnico do Concello sería responsable do control e verificación do efectivo cumprimento da normativa aplicable.

Así mesmo da conta do procedemento a seguir para a presentación da solicitude e documentación complementaria.

Con todo isto o que se pretende é axilizar o proceso para que se poida iniciar a actividade.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para indicar que están de acordo con esta Ordenanza Municipal; que se basa no Regulamento aprobado pola Xunta o 22 de setembro de 2016 para simplificar trámites administrativos para novas actividades comerciais, industriais ou industriais para determinados epígrafes (é certo que non é para todas), pero é certo que axiliza moito, xa que antes en ocasións tiñan que esperar meses para abrir un comercio ata que se concedía a licencia e agora con este procedemento se axiliza, e tamén poden realizar obras, baixo a súa responsabilidade, se cumpren os requisitos.

O Sr. Alcalde dí que, efectivamente, é para axudar ós veciños e neso estése a traballar e é un paso adiante para que os veciños o teñan máis fácil.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a "Ordenanza para a simplificación administrativa no Concello de Ribadumia, reguladora da Tramitación das declaración responsables no desenvolvemento de Actividades e a realización de obras", que consta no expediente.

**SEGUNDO.-** Que se expoña ó público o presente acordo polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

TERCEIRO.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no B.O.P.

### **9º.- CONCESIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS A ENTIDADES, ASOCIACIÓNS E CLUBS DEPORTIVOS 2016.-**

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso para dar conta de que na sesión de 3 de agosto de 2016, procedeuse a concesión de axudas a entidades, asociación e clubs culturais, deportivas, sociais e patrocinios, segundo as bases aprobadas, e que outorgáronse axudas polo 85% do importe das correspondentes partidas orzamentarias e acordouse que se procedería á revisión das cantidades que se outorgaron unha vez xustificadas as actividades para as que se solicitou axuda, e se realizaban máis actividades, ata o total do remanente das partidas presupuestarias existentes; nese Pleno aprobáronse un total de 51.800 euros: ás entidades culturais, 17.000 euros; ás entidades deportivas e clubs; 26.603 euros; a patrocinios: 1.262 euros; a entidades sociais: 3.400 euros; e a Protección Civil: 2.500 euros.- Tiñan ata o 20 de xaneiro para xustificar as actividades e están xustificadas e pagadas as cantidades concedidas.-

Con posterioridade ó Pleno, non houbo reclamacións en sentido estricto, pero dúas asociacións pediron que se revisara a súa puntuación:

- a ANPA do CRA e reuníronse cos seus representantes e efectivamente había un erro na súa solicitude solicitaba que se valoraran actividades do ano 2017 (que efectivamente non se valoraron), pero eran actividades do ano 2016 e outro erro foi que non se lle valorou a promoción e uso do galego nunha actividade de debuxo que realizaron co tema do poeta Manuel María, polo que en definitiva había que outorgarlle 5.75 puntos máis (co que pasaría dos 1.217,77 euros que, en principio se lles deu, ós 1.451,18 euros

- A outra revisión foi a solicitada polo Club Náutico O Muíño, en tres aspectos: solicitaba que se valorasen de forma separada as categorías femininas e masculinas, pero na certificación da Federación non estaban separadas as categorías; que as categorías alevíns e benxamíns tiñan máis categorías e se demostrou que no certificado oficial figuraba que participaban na liga provincial e non nas galegas como reclamaba o club; e solicitaba que se valorase a participación en eventos solidarios e presentaba unha fotografía dun cartel na que figuraba unha publicidade de AME e se lle dixo que as bases establecen a colaboración na promoción destes eventos solidarios e non só facerlle publicidade á asociación, polo que a revisión foi negativa

O Club O Muíño tamén presentou outro escrito pola participación dun deportista do club e do seu entrenador no mundial de Bielorusia e solicitaba o seu patrocinio; presentouse a proposta á Comisión Informativa e este deportista non é ribadumiense,



**ILMO. CONCELLO**  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

pero basándose no artigo 10 das bases e se fixo a proposta de aprobar a axuda de 844,51 euros que unha vez aprobados deberá xustificar e posteriormente se lle pagaría.

Tamén houbo unha revisión da solicitude da Asociación Española Contra o Cáncer que presentou o escrito en prazo e por erro non se incluíu no pleno de agosto, pero cumpren as condicións e propuxose na C.I. concederlle unha axuda (segundo os puntos que lle corresponderían) de 1.406,25 euros.

Unha vez feitas as revisións propónse a concesión de axudas definitivas ás entidades e clubs que se presentan a aprobación e, polo que se refire ás entidades culturais, coas excepción sinaladas, propónse manter a cantidade outorgada no mes de agosto, xa que as entidades non xustifican tódalas actividades que figuraban na memoria que presentou no seu momento, aínda que sí xustifican gastos por maior importe que a axuda concedida.- Polo que respecta ás entidades deportivas sí se reparte o 15% restante e a axuda definitiva é a que se propón neste pleno (un total de 30.531,93 euros.

Dado que en total repártense 55.241,60 euros e quedarían un remanentenas partidas de 6.285, 40 euros propuxose que se concedera axudas ás Escolas de verán organizadas no ano 2016 (en concreto as realizadas polo Umia CF, polo CD Ribadumia e polo Club Tenis de Mesa de Ribadumia), por un total de 4.000 euros.- Como aínda quedarían un remanente de 2.285 euros propónse, de maneira excepcional e se xustifican as actividades que non tiñan xustificado no prazo de sete días dende a súa concesión, e propónse a concesión de axuda ó Club Náutico o Muíño, por importe de 926,11 euros; ó CD Ribadumia, por importe de 1.064,09 euros e ó Tenis de mesa, por importe de 105,59 euros.

Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez para manifestar que o equipo de goberno está a facer un esforzo por regular, pero está visto que non o está a conseguir e só basta ver a orde do día deste pleno: regula a escola de verán e a modifica ata tres veces, regula un convenio co club de fútbol e aínda se está a chegar a acordo cando ven a este pleno.- Modificaron as bases das axudas nada máis tomar posesión e lonxe de acadar unanimidade como sucedía antes o que hai é un desbaraxuste para todos e o dicen tamén as entidades e asociacións que quizáis non teñan tempo para estudar tanto as bases, pero son xente experimentada en presentación destas solicitudes de axudas porque son fundamentais para eles.- Nun primeiro reparto no mes de agosto se reparte o 85% das axudas e se lles manda unha comunicación (tal e como establecen as bases) e as entidades xustificaron.- Pero logo lles sorprende que haxa un reparto posterior e nesas bases se contempla, e se reparte a totalidade entre todos, pero logo se modifica o reparto, se dan prazos excepcionais de xustificación, etc.

Os clubs xustifican e o Concello xa deberá haber abonado o que lle correspondería e agora dous meses despois de xustificalo e seis meses despois de concedelas se lles da outro reparto do 15%, pero hai máis desbaraxuste (se traspapela





**ILMO. CONCELLO**  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

unha solicitude, se incorporan tres mais, como son as escolas de verán; a documentación é unha e logo a definitiva parece que é outra...)

Por exemplo O Náutico xustifica o importe total e se lle paga e agora como o xustificou menos perdeu 1.000 euros.

Dí que esto non ten pes nin cabeza o reparto e leva ós clubs a perder axudas importantes (como o caso de O Náutico e o Ribadumia).-

Por todo o anterior vanse a abster e piden que sexan máis fieles ás bases e pide que se manteña o bo tono no debate que só o rompe o Sr. Alcalde.

Toma a palabra novamente a Sra. Martínez Troncoso e dí que non é difícil de entender; que o que é difícil de entender é que antes o goberno da Sra. Peña conceder só 6.700 euros para as entidades culturais ou dos 25.000 que había para entidades deportivas só concedera 16.000.- Que agora se tenta repartir todo o que hai na partida para axudar a estas entidades; que o reparto este ano se fixo como o ano pasado (primeiro o 85% e logo o resto), así que non foi unha sorpresa e que as bases xa dín claramente que non hai que xustificar o que se concede senon todo o que se solicita; e ninguén va a perder 1.000 euros porque o equipo de goberno vai votar a favor de concederllos aínda que o P.P. vote en contra.

Engade que os erros hai que asumilos como olvidouse incluír a solicitude de da AECC se rectifica; e se se quere favorecer ás escolas de verán se apoia, e se reparte todo o que hai na partida, o equipo de goberno son maioría e ningún club vai perder nada, aínda que eles votaran en contra.

O Sr. Serantes Alvarez aclara que xa dixo que se absterían; que nos medios de comunicación xa estase a ver a idea dos clubs e entidades hacia o equipo de goberno e dí que non se fagan insinuacións.

O Sr. Oubiña Lago dí que na lexislación anterior nin na outra se aprobaron as axudas por unanimidade; que ás veces antes a oposición facía un esforzo para aprobar as cousas e que na lexislatura anterior lle retiraron a axuda ó Club Náutico porque tiña un convenio.- Dí que as bases anteriores as aprobou o P.P. e non se modificaron, aínda que él o propuxo.

O Sr. Serantes pregunta se alguén dubida de que o P.P. queira axudar ás entidades deportivas porque durante o seu goberno se lle deron as mellores instalacións e se lles axudou en todo o que permitía as posibilidades do Concello; que o club Ribadumia ten as mellores instalacións da provincia.- Dí que o equipo de goberno recorre á descalificación, e manifesta que moitos anos aprobáronse as axudas por unanimidade; que se fixeron esforzos para que así fora e fomentouse o diálogo e agora hai unhas propostas nas C.I. e outras na convocatoria e outras no momento da sesión.-

A Sra. Peña replica que durante o seu mandato o Concello non lle quitou axuda O Náutico, senon que o club tiña un convenio e se lle daba parte da recadación do



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

ximnasio e les falan de que se concedía axudas por 7.700 euros, pero tamén habería que ter en conta o que se lle daba polo ximnasio

O Sr. Alcalde remata as intervencións manifestando que a oposición dí que é un desbaraxuste a concesión de axudas e iso é difícil de entender.- Que eles falan de instalacións e obras que se fixeron por outra administración e para iso foi clave o Sr. Louzán e o foi porque moita xente o apoiou e esa xente foi a que fixo que se beneficiara Ribadumia.-

Incide novamente nas cantidades que se conceden agora (e as compara coas que se concedían antes dicindo que antes non se concedía todo o que había na partida comparando as concedidas no 2014 coas concedidas no 2016); que agora hai unha partida para festas parroquiais e que as cifras cantan por sí solas

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo mixto) e cinco abstencións (P.P) , acorda, que vistas as xustificacións presentadas por cada unha das entidades e clubs ós que concedéronse axudas en sesión plenaria de 3 de agosto de 2016, ampliar as axudas concedidas ás entidades que se indican:

C.N. O MUIÑO	Ampliación axuda concedida por revisión activ. realizadas	995,05€
C.N. O MUIÑO	Patrocinio Deportista "MANUEL FONTÁN"	844,51€
C.D. RIBADUMIA	Ampliación axuda concedida por revisión activ. realizadas	1.318,05€
C.D. RIBADUMIA	Escola de Verán 2016	1.556,50€
UMIA C.F.	Ampliación axuda concedida por revisión activ. realizadas	1.222,67€
UMIA C.F.	Escola de Verán 2016	1.556,50 €
RIBADUMIA TENIS MESA	Ampliac. axuda concedida revisión activ. realizadas	132,24€
RIBADUMIA TENIS MESA	Escola Verán 2016	600,00€
SALNÉS PADEL	Ampliación axuda concedida por revisión activ. realizadas	72,84€
TECOR SALNÉS	Ampliación axuda concedida por revisión activ. realizadas	29,05€
MAMIS ARNELAS	Ampliación axuda concedida por revisión activ. realizadas	147,41€
A.E.C.C.		1.406,25€



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

### **10º.- APROBACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE RIBADUMIA "FICHEIRO DE CONTROL BIOMÉTRICO".-**

Dase conta á Corporación que coa finalidade de levar a cabo un control laboral, horarios, vacacións, días libres e demais circunstancias laborais do persoal funcionario e laboral do Concello de Ribadumia e a xestión en materia de recursos humanos, e para a recollida de datos da huella dixital de dito persoal é preciso crear un ficheiro de datos de carácter persoal, segundo o artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, en concordancia co artigo 52 do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal aprobado por Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro.

A Sra. Martínez Troncoso dí que, con motivo de que averiouse o terminal de fichaxe do persoal e ó ter que contratar a instalación dun novo constatouse que non estaba aprobado o ficheiro de datos de carácter persoal para esta finalidade e hai que proceder a súa aprobación e tramitación correspondente antes da posta en funcionamento do novo sistema.

A Sra. Peña Muniz manifesta que trátase dun mero acto administrativo para o cumprimento da normativa vixente e están a favor do asunto.

O Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Crear conforme á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e en concordancia cos artigos 52 e seguintes do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal aprobado por Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, o ficheiro de datos de carácter persoal de "Control biométrico" , cos datos que se recollen no regulamento anexo.

#### ***"REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE RIBADUMIA***

##### ***Artigo 1.***

*Dando cumprimento ao artigo 20.2 da Lei Orgánica de Protección de datos de carácter persoal, indícase, en relación aos ficheiros de nova creación: finalidade do ficheiro e usos previstos para o mesmo, as persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, a estrutura básica do ficheiro e a descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos no mesmo, os destinatarios de cesións, as medidas de seguridade con indicación de nivel básico, medio ou alto esixible e o sistema de tratamento de datos de carácter persoal.*

*Polo presente regulamento apróbase o rexistro dun novo ficheiro de protección de datos:*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

<i>NOME DO FICHEIRO</i>	<i>CONTROL BIOMÉTRICO</i>
<i>FINALIDADE DO FICHEIRO</i>	<i>Control laboral e horario do persoal laboral e funcionario do Concello, Xestión de recursos humanos.</i>
<i>INTERESADOS</i>	<i>Empregados municipais</i>
<i>ORIXE DOS DATOS</i>	<i>Propio interesado ou seu representante legal</i>
<i>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO</i>	<i>Nome e apelidos, DNI, datos biométricos</i>
<i>DESTINATARIOS DE CESIÓN</i>	<i>Non hai cesión prevista</i>
<i>NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO</i>	<i>Básico</i>
<i>SISTEMA DE TRATAMENTO</i>	<i>Mixto</i>

*Artigo 2.*

*A titularidade e responsabilidade dos ficheiros do Concello de Ribadumia, correspóndelle ao propio Concello de Ribadumia.*

*Os interesados poderán exercer o dereitos acceso, rectificación, cancelación e oposición nas inmediacións do Concello de Ribadumia Avda. de Ribadumia nº 3, 36636 ? Ribadumia (A Coruña).*

*O Concello de Ribadumia facilitará a todo o que o solicite, un formulario de dereitos de protección de datos, para facilitar o exercicio de dereitos anteriormente mencionados. Devandito formulario deberá presentarse debidamente cumprimentado, acompañado dunha copia do DNI do interesado.*

*Disposición final.*

*Este Regulamento entrará en vigor despois de que se publique o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e que transcorra o prazo regulamentario de 30 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local.*

SEGUNDO.- Solicitar a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

TERCEIRO.- Publicar integramente o contido do acordo no *Boletín Oficial da Provincia*.

CUARTO.- Notificar á Axencia Española de Protección de Datos o contido do Acordo adoptado.

**11º.- MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO SOBRE MOBILIDADE E MELLORA DO TRANSPORTE PÚBLICO.-**

Polo Sr. Oubiña Lago dase conta da moción presentada polo Equipo de goberno no que expónse que no mes de xaneiro a Xunta remitiu unha comunicación



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

informando de que a partires deste verán, e coincidindo co final das concesións de varias rutas de bus público se ía a proceder a facer unha remodelación dalgunhas rutas e que posiblemente supondrá a eliminación dalgunha.- Explica que remitiron un cuestionario referente á situación e necesidades municipais en cuestión de transporte pública e invitaban a expoñer cales eran as necesidades de comunicación, se as liñas existentes estaban adecuadas ás necesidades ou requerían cambios, ampliación de servizo...Un cuestionario moi amplo e o prazo para remitilo era de 7 días.- Contestouse ó mesmo e solicitouse que se elaborara un estudio máis profundo do asunto.-

Dende o concello se puxo de relavancia o máis evidente: a nula conexión cos diferentes centros hospitalarios e cos centros da administración pública e as escasas e deficientes liñas que conectan cos diversos puntos do noso concello co núcleo o os centros urbanos máis próximos, ademáis da falta de conesións adecuadas coas estacións de bus e trens que favorezan que colectivos como o estudiantil ou persoas que traballen nas urbes de maior tamaño teñan unha liña pública que lles permita ir de Ribadumia a Santiago ou Vigo dun xeito cómodo.

Remata dicindo que as conexións son moi deficientes e á vista do anterior propónse:

- Instar á Xunta de Galicia para que realice un estudo detallado de cales son as necesidades en cuestións de mobilidade e para que elabore un plan concreto, con prazos e partidas económicas, que estableza unha rede de transporte público coordinada e axeitada á realidade dos concellos e ás necesidades das persoas e colectivos.
- Instar á Xunta de Galicia a que non retire ningunha das liñas que pasan por Ribadumia ata non ter ben formulado o funcionamento, liñas, conexión, etc, para o Concello de Ribadumia.
- Instar á Mancomunidade do Salnés para traballar nun proxecto conxunto de comunicación a través do transporte público, que permita unha comunicación de calidade entre os diferentes concellos cos centros administrativos e sanitarios e co resto de redes de comunicación.

Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez para dicir que están a favor da proposta, pero que esta sería unha petición xenérica ante a caducidade dalgunhas liñas de autobuses.- Que se lles pasou o formulario e pide que se fagan suxerencias das liñas que hai ou datos que se puideran aportar.- Que se fixeron suxerencias acertadas (poden ser básicas pero acertadas); que a moción lle parece oportunista pedir que se dirixan á Xunta de Galicia, á Mancomunidade., etc e que non se asuma que o Concello non faga un estudio máis exhaustivo e asumirá o compromiso de facer un estudio máis pormenorizado e ver como se pode mellorar o transporte.- Que tamén o seu grupo dixo na Comisión Informativa que con esta ocasión e co debate que se abre ó respecto que se poidan sinalizar as paradas e os horarios (que incluso esto podería asumilo as empresas de transporte).



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

O Sr. Oubiña Lago dí que asume a proposta, aínda que o Concello non ten competencia en materia de transportes e que polo Concello tentarase aportar todo o que se poida.- Que o pleno ten que dirixirse ás admsitracións que teñen competencia e o compromiso xa está patente.- Que a Consellería ten que asumir a súa responsabilidade.

O Sr. Serantes Alvarez contesta que a través de mocións o Pleno non pode adoptar acordos doutras admsitracións que o que hai que facer é asumir un compromiso do propio concello; que habería que profundizar máis e facer un estudio máis preciso.

O Sr. Alcalde dí que lle alegra que apoiem a moción.- Que o equipo de goberno se dirixe ás admsitracións a quen se ten que dirixir; que coa Mancomunidade xa se tratou algo; que se pode facer un estudio, pero as admsitracións que teñen competencias son quen ten que facelo; en calquera caso, se considera que fae falta un estudio por parte do Concello é porque o anterior equipo non o fixo.

Rematadas as intervencións, o Pleno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda prestar aprobación á moción presentada nos termos indicados.

## **12º.- MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO PARA APOIAR OS DEPORTISTAS DE ÉLITE.-**

Toma a palabra o Sr. Esperón Prado para dar conta da moción presentada na que expónse que unha das liñas de axudas que o Concello establece é para deportistas de máximo nivel que ademáis de ser exemplo para a sociedade, levan o nome do concello ó longo do mundo, para dar cobertura ás persoas beneficiarias nalgunha proba deportiva concreta, sempre e cando se cumpran os pertinentes requisitos; sen embargo (a pesar de que de xeito extraordinario estase a facer) as probas de carácter oficial onde o deportista en cuestión represente a unha entidade diferente ó noso concello, ou ó club local co que compitan, non están incluídas.- Tamén tense detectado que ditos deportistas non reciben todo o apoio que sería desexable por parte do resto de institucións, organismos públicos e as propias federacións deportivas en moitas disciplinas deportivas (de feito en Galicia só a Deputación de Pontevedra ten aberta unha liña de axuda para estes deportistas)

No caso dos padexeiros o tema é sumamente grave, xa que segundo o transmitido polos deportistas, polo Club Náutico, pola Federación Galega de Piraguismo, resulta que a Federación Nacional está demostrando nos últimos anos un



**ILMO. CONCELLO**  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

abandono pola élite desta disciplina, abandono permitido polo Ministerio de Educación Cultura e Deportes e polo Consello Superior de Deportes.- Os clubs ou os propios deportistas teñen que facerse cargo de todos os custes que orixina participar nun evento internacional.- E ademáis a propia Federación, o COI e institucións estatais teñen sometido ós deportistas a unha serie de esixencias que fan moi complicado que estes poidan dispor de apoio privado ou de institucións menores; en concreto teñenlles prohibido que na indumentaria ou equipación deportiva luzan os distintivos das entidades que os patrocinen.- A este abandono súmase a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Piragüismo.

Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez para manifestar que a proposta está ben, aínda que ten contradicións; deixa en bo lugar á Deputación que sempre resaltou por apoiar o deporte xeral e individual, pero logo tamén a menciona na proposta de acordo e non pide nada para Ribadumia; é unha declaración de intencións, un brindis ó sol.- Dí que había probas de máximo nivel que se estaban consolidando en Ribadumia e non se fixo nada (como ca BTT) e tamén hai deportistas de élite e tampouco se menciona.-

O Sr. Oubiña Lago aclara que o deporte de élite esixe que as probas sexan federadas (non é o caso da BTT).

Fae uso da palabra o Sr. Alcalde e dí que o P.P. aproveitou para sacar o tema da BTT aínda que non veña ó caso.- Dí que a moción apela a tódalas administracións que poidan ter competencia, aínda que a Deputación estea axudando algo.-

Explica que esta moción nace da necesidade que hai dende hai anos e ninguén nunca fixo nada e é inconcebible que calquera administración non apoiem; que tense que involucrar e axudar ós deportistas de élite.- Non é normal que se compita a nivel mundial e os país ou os clubs teñan que facer fronte ós gastos.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

- Instar á Consellería de Deporte da Xunta de Galicia, á Deputación de Pontevedra e á Federación Galega de Piragüismo a adecuar as súas políticas de apoio a deportistas de élite, facéndose cargo dos custes que a participación nas competicións nacionais ou en calquera outra onde a súa participación sexa en representación de Galicia, evitando que teñan que ser os propios deportistas ou clubs onde compiten, institucións menores como os concellos ou mesmo patrocinadores os que teñan que facerse cargo dos custes desas representacións.

- Instar á Consellería de Deporte da Xunta de Galicia, á Deputación de Pontevedra e á Federación Galega de Piragüismo a dar protección ós deportistas de élite e a asumir a cobertura dos deportistas galegos cando se enfronten a situación de desamparo ante federacións e institucións superiores, como é o caso actual, evitando



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

que teñan que ser os propios deportistas, os clubs onde compiten, institucións menores como os concellos ou mesmo patrocinadores privados os que teñan que facerse cargo dos custes de representar o Estado español.

- Instar á Deputación de Pontevedra a manter a liña existente de apoio a deportistas de élite, mellorando no posible a súa contía.

- Instar á Federación Española de Piragüismo, ó consello Superior de Deportes e ó Ministerio de Educación, Cultura e Deportes, a facerse cargo das súas responsabilidades no que respecta ós deportistas de élite que nos representan nas competicións internacionais, e garantir que todos os custes de participar nestas competicións estean cubertos.

- Instar ó Goberno de España e a Xunta de Galicia a elaborar protocolos e a legislar para pór orde no deporte español e galego, garantindo unha correcta e equitativa distribución e uso dos fondos económicos públicos, favorecendo en concreto que os deportistas de máximo nivel poidan dispor dos medios materiais e económicos para desenvolver a súa carreira profesional representando ó Estado español e a Galicia cuns mínimos de dignidade, establecendo as fórmulas necesarias para que a representación nos diferentes campionatos por parte dos nosos deportistas sexa motivo de orgullo.

### **13º.- MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO PARA INSTITUCIONALIZAR OS ACTOS DO DÍA DA MULLER.-**

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago para dar lectura á moción presentada polo equipo de goberno para establecer as "Bases de organización do acto de homenaxe ás mulleres de Ribadumia".-

Dendo fae seis anos vense realizando unha acto de homenaxe ás mulleres e o ano pasado se mantivo o formato, pero enténdese que é preciso fixar unhas bases para organizar os actos, xa que dalgunha forma parecía que se estaba a premiar ou homenaxear a unha mulleres en concreto e por outro lado non se tiña un criterio obxectivo para determinar a que mulleres se homenaxeaba.

Entenden que un acto destas características debe mudar o seu carácter para recoñecer o traballo non de varias mulleres senon da totalidade das mulleres do noso concello e darlle ó acto un carácter máis simbólico e todas as actividades que se puedan organizar servan para reflexionar sobre a situación da muller na sociedade, impulsar os seus dereitos e que as mulleres tomen conciencia e se animen a loitar por mellorar a súa situación en xeral.- Téntase que sexa algo máis que unha data no calendario e se programan actos durante toda a semana que terían su colofón no acto





**ILMO. CONCELLO**  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

de homenaxe a celebrar o domingo desa semana.- A moción busca institucionalizar o acto da homenxe ás mulleres de Ribadumia a través dunhas bases que, además de darlle a importancia que merecen, o ordenen mínimamente e elimine calquera posible sospeita de politización do acto, independentemente de quen governe.

Da conta do contido das bases do acto de homenxe e indica que o P.P. fixo unha serie de propostas que a maioría inclúense no texto.- Remata dicindo que o espírito é dar o recoñecemento a tódalas mulleres e que unha recolle ese recoñecemento en nome de todas.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e sinala que todo o que sexa recoñecemento ás mulleres o seu grupo vai a estar de acordo e todas son merecedoras do recoñecemento todos os días do ano.

Dí que as bases recollen o acto de recoñecemento e se propuxeron iniciativas e algunhas recolléronse e outras non.- Que o criterio foi a idade e eles consideraban que é complicado porque algunhas con esas idades teñen problemas físicos para asistir; agora se retoca e se dí que se non pode asistir concederáselle á seguinte.-

O seu entender, o negativo é que se encasilla demasiado os criterios.- Se un ano destaca por algo en concreto algunha muller que se puidera recoñecer e agora se recolle que, de xeito excepcional, se poida facer.

Engade que outra proposta era que ata de agora se facía un recoñecemento a unha muller de cada parroquia, e solicitaban que se seguirá có criterio da idade e dunha por parroquia.-

Remata dicindo que todo o que sexa un acto á muller, e todas son merecedoras, van a estar a favor; lamenta que non se recolla tamén que sexa unha de cada parroquia, pero senon o admiten van a votar igual a favor.-

O Sr. Oubiña Lago agradece o apoio á moción e insiste en que o espírito dese día é un simbolismo, aínda que non sexa unha por parroquia.

O Sr. Alcalde dí que se alegra que se aprobé en conxunto a moción é que se recolleron propostas do P.P. xa que todo o que se propoña pola oposición para mellorar o van a aprobar e aceptar.- Que entendían que había que ter un cambio de cómo se facía isto porque é difícil seleccionar a qué mulleres se homenaxeaba e é mellor fixar uns criterios máis obxectivos, democráticos, transparentes e sensatos.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres asistentes acorda: Prestar aprobación ás "Bases de organización do acto de homenaxe ás mulleres de Ribadumia" na forma en que están redactadas e que constan no expediente:



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **14º.- DAR CONTA DE DISTINTAS ACTUACIÓNS E EXPEDIENTES:**

### **14º.1.- CONCESIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS ÁS FESTAS PARROQUIAIS 2016**

Toma a palabra o Sr. Alcalde e explica que esta ano é a primeira vez que hai unha partida específica para conceder axudas ás festas parroquiais.

Da conta de que, segundo as bases aprobadas ó efecto, e unha vez informadas pola Comisión Informativa correspondente, a Xunta de Goberno Local concedeu as axudas ás festas parroquiais

### **14º.2.- SINATURA DO CONVENIO PARA A CESIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE RIBADUMIA Ó SERGAS.-**

Polo Sr. Alcalde dase conta dos trámites realizados ata a data para a cesión do Centro de Saúde a favor da Consellería de Sanidade, e que con data 27 de xaneiro deste ano asinouse o Convenio e agora está pendente de datos económicos e informe de intervención xeral da Xunta e posteriormente se adoptaría acordo no Consello da Xunta e asinaría a escritura pública.

Informa que con esta cesión a favor do Sergas o Concello podería aforrarse uns 12.000 euros

## **15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

1º.- Pola Sra. Peña Muñiz se dí que no Pleno do mes de novembro aprobouse a Ordenanza de Edificacións Auxiliares, que non se retirou da orde do día e se dixo que se ía a facer a consulta e pregunta se se fixo.

2º.- Pregunta qué negociacións se fixeron co ORAL, se houbo reunión e que se acordou.

O Sr. Alcalde contesta que se tivo a reunión e estase pendente de tomar unha decisión, que en un primeiro lugar o que pretendíase era saber ata qué punto estábamos vinculados polos convenios asinados.- Dí que na reunión había dous persoas pola Deputación e unha dicía que se pensara ben e a outra opinaba que sí o podía asumir o Concello.- Estanse facendo xestións para ver os programas de recadación; que se podería aforrar sobre uns 60.000 euros que se podería utilizar noutros servizos ou necesidades.-

3º.- A Sra. Peña Muñiz pregunta pola obra de beirarrúas na rotonda dos Castaños, que se xa está aprobada a financiación polo anterior equipo da Deputación e pregunta se se sabe cómo está o tema.-



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

O Sr. Alcalde contesta que en Deputación se lles dixo que o proxecto non se adaptaba e que ían a propoñer algúns cambios.

Que está pendente dunha reunión e ver se se determina as modificacións se o Concello o acepta ou non.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión sendo as vintetres horas e cuarenta minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria dou fe.-

